

## BASES

### IV CONCURSO MICRORRELATOS

#### RED DE JUDERÍAS DE ESPAÑA – CAMINOS DE SEFARAD

##### Organización e obxectivo

A empresa organizadora desta acción promocional é RED DE JUDERÍAS DE ESPAÑA-CAMIÑOS DE SEFARAD (no sucesivo Red de Juderías de España) con domicilio en Praza Maimónides s/n. 14004 Córdoba con CIF: G17565318

Contacto para información, difusión, dúbidas ou correccións de erros en concurso@redjuderias.org.

##### Participación e datas do concurso

#### 1. Participantes

Poderá participar calquera alumnado que estea a cursar en centros docentes de todo o territorio español os cursos de 1º e 2º da ESO.

#### 2. Obxecto do concurso

O obxecto do concurso é dar a coñecer a actividade divulgativa da Red de Juderías de España en relación á cultura xudía no ámbito educativo, así como espertar a afección pola escritura, a imaxinación dos alumnos e a súa capacidade para describir as súas experiencias e contorna.

#### 3. Temática

A temática da presente edición é “a música” e todos os relatos terán que versar sobre esta temática para ser valorados polo Xurado. Valorarase que estea inspirado ou relacionado coa identidade, historia e cultura sefardí.

#### 4. Contido e formato

Os textos deberán ser inéditos e estar escritos en castelán, catalán, éuscaro ou galego. A extensión máxima será de 350 palabras (sen contar o título).

Os relatos deberán mandarse de maneira individual, en formato .doc, ao correo electrónico concurso@redjuderias.org, achegando ademais do documento co relato, os seguintes datos:

- nome do alumno
- centro no que está matriculado
- curso que está a estudar
- cidade na que está o seu centro de estudo.

A avaliación deste será anónima e independente.

#### 5. Composición do Xurado

Cada ano a Red de Juderías en función da temática convocará polo menos 4 persoas que pola súa profesión, traxectoria ou actividade considere adecuadas para avaliar os relatos.

Adicionalmente e para garantir que se cumpre co obxectivo, espírito e normas do concurso, o xurado completárase con dúas persoas que formen parte da Red de Juderías de España, na persoa de Técnico, Concelleiro ou Xerente.

Os membros do xurado serán publicados na web da Red de Juderías de España, [www.redjuderias.org](http://www.redjuderias.org), no apartado da edición do concurso.

## 6. Premios e condicións

Seleccionáranse polo menos as 30 mellores obras que serán publicadas nun libro que editará Red de Juderías de España - Camiños de Sefarad. A entrega do premio terá lugar nun acto público que organizarán os Concellos de onde procedan os dous premiados.

Existirán ademais tres premios valorados economicamente con 1.000 euros, 750 euros e 500 euros para o primeiro, segundo e terceiro premio respectivamente que poderán usar para a realización dunha viaxe polas nosas cidades organizada por unha empresa especializada en viaxes e designada pola Red de Juderías.

Unha vez seleccionados os gañadores, un responsable/colaborador de Red de Juderías de España contactará persoalmente cos agraciados para confirmar os seus datos, dispoñibilidade e aceptación do premio.

A Red de Juderías de España pode declarar deserto o premio se considera que non se dan as condicións mínimas de participación, calidade ou cumprimento dos obxectivos do concurso.

Este premio é persoal, intransferible e non reembolsable. No caso de que o premio outorgado fose rexeitado ou que os premiados non o gozasen no prazo de doce meses dende a súa comunicación, Red de Juderías de España considerará o premio por outorgado.

O gañador deste premio, e de ser o caso, o seu acompañante, deberán ter o seu DNI ou, se é o caso, tarxeta de residente ou pasaporte vixentes, e Red de Juderías de España non será responsable se por calquera razón allea á súa vontade e/ou por suposto de forza maior non puidese ter lugar a viaxe.

Red de Juderías non se responsabilizará dos posibles atrasos ou cancelacións por parte de calquera dos servizos contratados pola axencia de viaxes e relativos a servizos de terceiros alleos á mesma, como transporte de viaxeiros, entradas a espectáculos, actividades guiadas, etc.

Red de Juderías de España non contratará ningún seguro médico para os premiados e os seus familiares, quen en función da viaxe contratada procuraranse a si mesmos un seguro médico coa cobertura suficiente e adecuada (en particular tratándose duna viaxe ao estranxeiro), así como dos seguros contra accidentes e de danos a terceiros. Así mesmo será responsabilidade dos premiados asegurarse de que o acceso á zona de viaxe é seguro e se é o caso de procurarse as vacinas necesarias.

A mera participación no concurso supón a aceptación de que os datos facilitados polos participantes, sexan ou non gañadores do concurso, poidan ser incorporados a un ficheiro propiedade de Red de Juderías de España sobre os que poderán exercer os seus dereitos pertinentes escribindo a [concurso@redjuderias.org](mailto:concurso@redjuderias.org).

## 7. Difusión do traballo premiado

Os autores dos relatos ceden en exclusiva os dereitos de edición a favor de Red de Juderías de España, que fará constar sempre os autores destes para a edición de publicacións ou como contidos para futuros proxectos da Red.

## 8. Prazos

Os relatos poden mandarse até o 10 de xuño de 2022. Admitiranse obras con hora de peche até as 23:59 horas deste día.

A decisión do xurado e notificación aos premiados realizarase no terceiro trimestre de 2022 e os seus nomes aparecerán na web da Red de Juderías de España.

([www.redjuderias.org](http://www.redjuderias.org)).

### **Tratamento dos datos persoais**

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, infórmase aos participantes na promoción, que os datos facilitados polos gañadores poderán ser incorporados ao correspondente ficheiro automatizado de Red de Juderías de España, podendo en calquera momento exercer de maneira gratuíta os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación destes.

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal e o Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, infórmase os participantes na promoción que a mera participación no concurso supón a aceptación de que os datos facilitados polos participantes, sexan ou non gañadores deste, poidan ser incorporados a un ficheiro propiedade de Red de Juderías de España e sobre os que poderán exercer os seus dereitos pertinentes escribindo a [concurso@redjuderias.org](mailto:concurso@redjuderias.org)

### **Aceptación das bases e conflitos**

O feito de participar neste concurso implica a total aceptación destas bases, así como o criterio de Red de Juderías de España en canto á resolución de calquera interpretación destas.